

## ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

Para cumprir co disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a resolución de adxudicación provisional do procedemento negociado sen publicidade do servizo de axuda no fogar, adoptado por acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de agosto de 2010, co seguinte contido:

"Logo de completarse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do servizo de axuda no fogar (financiado con cargo ao orzamento municipal do exercicio de 2010, provisto coa subvención que concede anualmente a Xunta de Galicia para a prestación dos servizos sociais de axuda no fogar, tanto para persoas non dependentes como persoas dependentes valoradas, completada coa correspondente achega de fondos propios do Concello), convocado por acordo da Xunta de Goberno Local do 18 de xuño de 2010, con apertura de documentación administrativa xeral, melloras e proposicións económicas do 15 de xullo do 2010, examínase a proposta de adxudicación que fai a Mesa de contratación a favor de Alpíxendra, Servizos Rurais, S.L., conforme á acta redactada para o efecto.

Considerando que corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución deste expediente, conforme á delegación que fixo o Pleno do Concello, mediante acordo de data 28 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións previstas no apartado 2º da Disposición Adicional 2ª, da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, por unanimidade, *ACORDA*:

Primero.- Adxudicar provisionalmente a execución deste servizo á empresa Alpíxendra, Servizos Rurais, S.L., que acadou unha valoración de 10 puntos.

A empresa C.D.R. Portas Abertas, obtivo unha valoración de 7,5 puntos.

Segundo.- Notificarlle este acordo aos licitadores e publicalo no perfil do contratante."

Cualedro, 27 de agosto de 2010

O alcalde,

Luciano Rivero Cuquejo